

# II TRIATLÓN DE MENORES CIDADE DE VIGO

PRAIA DE SAMIL 01/06/2024



INSCRIPCIÓN:



LORENA GARCÍA – CT MAR DE VIGO  
417 06 06 06  
BLOPSLO@HOTMAIL.COM

COLABORA:



ORGANIZA:



PATROCINA:



# REUNIÓN TÉCNICA

## TRIATLON DE MENORES CIDADE DE VIGO

### Triatlón de Menores e Súper Sprint CD/JN/XV- Inclusivo

1 de xuño de 2024

FEGATR   
FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLÓN  
E PENTATLÓN MODERNO

 XUNTA  
DE GALICIA

 DEPORTE  
GALEGO

# ACCESO A ZONA DE COMPETICIÓN

- Só poden acceder ás áreas de competición as persoas acreditadas:
  - \* Deportistas inscritos/as
  - \* Persoal técnico acreditado
  - \* Organización
  - \* Oficiais

# PRESENTACIONES E CIRCUITOS

- **Persoas clave:**

Director de Carreira: Miguel Fernández

Delegado Técnico: Mónica Flores

Xuíz Árbitro: Julia Ferreira

- **Xurado de Competición**

Delegado Técnico: Mónica Flores

Federación Galega: Javier Campos

Representante Clubs: Manuel Rosales (AD Pinarium)

# CIRCUITOS E DISTANCIAS

Proba	Natación	Voltas Natación	Ciclismo	Voltas Ciclismo	Carreira	Voltas Carreira
Súper Sprint (CD/XV/JN)	300	1	10.000 m	2	2000 m	1
Infantil	300	1	5000 m	2	1500 m	1
Alevín	200	1	4000 m	2	1000 m	1
Benxamín	100	1	2000 m	1	500 m	1
Prebenxamín NON COMPETITIVA	50	1	1000 m	1	250 m	1

# HORARIOS


- **12:30** Recollida de dorsais
- **13:00** **Apertura 1º control de Material para PB/BX/AL**  
(o resto xestionaranse ata 10 minutos antes da saída segundo dispoñibilidade )
- **13:30** Saída prebenxamín NON COMPETITIVA
- **13:50** Saída Benxamín
- **14:20** Saída Alevín
- **15:00** Saída Infantil Masculina
- **15:05** Saída Infantil Feminina
- **15:40** Saída xuvenil e junior Masculina
- **15:42** Saída cadete Masculina
- **15:48** Saída xuvenil e junior Feminina
- **15:50** Saída cadete Feminina
- **15:55** Saída Inclusiva súper sprint
- **16:30 horas** Entrega de trofeos (hora aproximada)

**\*\***O control de material organizarase por categorías en función do espazo en transición. Os deportistas deberán retirar o seu material ao chegar á meta.

As/os deportistas deberán estar na cámara de chamadas 10 minutos antes da saída.

# LOCALIZACIÓN E ESPAZOS

1. Entrega de dorsais
2. Transición
3. Meta



# CONTROL DE MATERIAL

## Para acceder ao Control de Material:

- **Imprescindible identificarse con DNI, licenza ou documento oficial con foto.**
- Bicicleta e Material regulamentario para probas con “*drafting* permitido”. No triatlón de menores autorízase bicicleta de montaña e, para benxamíns e alevíns, minifreos.
- Casco con certificación para uso ciclista.
- O casco debe estar posto sobre a cabeza e abrochado.
- Gorro.
- Dorsal de corpo, Casco e Bicicletas colocados.

**\*\* O dorsal é obrigatorio nos segmentos de ciclismo nas costas e carreira a pé á fronte.  
(Aconséllase levar goma ou portadorsal para cambialo.)**

## Dentro da transición:

- Bicicleta colocada á esquerda do número de dorsal e coa roda dianteira mirando cara o pasillo (Tanto na T1 como na T2).
- Casco sobre a bicicleta coas correas despechadas.
- Só se pode deixar o material para competir na transición. Calquera marca ou material que non sexa de competición será retirado polos/as oficiais.

# PROCEDIMENTOS PREVIOS Á SAÍDA

- **Dez minutos** antes do comezo da saída, os/as deportistas colocaranse na zona de cámara de chamadas.
- A saída será dende a praia e a liña de saída virá marcada por unha liña paralela á praia.
- O Delegado Técnico indicará “aos seus postos” e procederase á saída cando soe a bocina.



# REGULAMENTO TRANSICIÓN 1


## NATACIÓN-CICLISMO

- Unha vez rematada a natación, irás polo pasillo de compensación ata a entrada da transición e seguirás polo corredor onde está o teu número de dorsal, onde terás colocada a bicicleta.
- Non cruces por debaixo das barras.
- Deixa todo o material utilizado xunto a túa bicicleta.
- Colle o casco e colócao correctamente antes de sacar a bicicleta do soporte.

**“CASCO POSTO E ABROCHADO SEMPRE QUE TES CONTACTO COA BICI”**

- Coloca o dorsal cara as costas (**dorsal obrigatorio en ciclismo e carreira a pé**).
- Coa bicicleta na man diríxete á saída de transición. Non te montes nela ata que cho indique un/ha oficial, pisando despois de pasar a liña de montaxe marcada.

# T1



# REGULAMENTO TRANSICIÓN 2


## CICLISMO-CARREIRA A PÉ

- Ao chegar á liña de desmontaxe, antes de entrar á transición, un/ha oficial indicaráche que te baixes da bici antes desta liña.
- Coa bici na man irás polo teu pasillo ata o teu número de dorsal e colocarás a bicicleta no soporte.
- Non pases debaixo das barras.

### **“CASCO POSTO E ABROCHADO SEMPRE QUE TES CONTACTO COA BICI”**


- Unha vez colocada a bicicleta no soporte, xa podes sacar o casco e deixalo con coidado no teu espazo, **co resto de material xa utilizado.**
- Segue sempre de fronte ata o final da transición, nunca voltees cara atrás xa que podes tropezar con outros deportistas que estarán chegando.
- Diríxete á saída da transición para empezar a carreira a pé, completala e chegar á meta.

T2



# PRECAUCIÓN


- En caso de ver a voluntarios con silbato e bandeira vermella.
- Especial atención á **zona de finalización de voltas do sector ciclista**



# PERCORRIDOS


# Natación Prebenjamín

1 Volta x 50m



# Ciclismo PreBenjamín


1 Volta x 1 km





# Carreira a pé Prebenxamín

1 Volta x 250m




# Natación Benjamín

1 Volta x 100m




# Ciclismo Benxamín

1 Volta x 2 km




# Carreira a pé Benxamín

1 Volta x 500m




# Natación Alevín

1 Volta x 200m




# Ciclismo Alevín

2 Voltas x 2 km




# Carreira a pé Alevín

1 Volta x 1.000m



# Natación Infantil


1 Volta x 300m






# Ciclismo Infantil

2 Voltas x 2,5 km




# Carreira a pé Infantil

1 Volta x 1.500m



# Natación CD/JV/JN

1 Volta x 300m




# Ciclismo CD/JV/JN

2 Voltas x 5 km



# Carreira a pé CD/JV/JN

1 Volta x 2.000m



# META E POSTMETA

- Na túa derradeira volta, continúa de fronte dende o punto de xiro para poder entrar no corredor de meta.
- Unha vez cruces a liña de meta non te deteñas, continúa ata a pos meta onde recibirás o avituallamento.
- **Diríxete directamente á transición, recolle o teu material para que poidan entrar o resto de participantes e abandona a zona.**

# CRONOMETRAXE E CLASIFICACIÓNS

- A Cronometraxe da proba será manual.
- Unha clasificación provisional será publicada no taboleiro de anuncios, para garantir os dereitos de reclamación apelación dos/as deportistas.

<https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/05/Procedemento-de-Reclamacion-Apelacion-probas-da-FEGATRI.pdf>

- As clasificacións oficiais publicaranse na web [www.fegatri.org](http://www.fegatri.org)

# PREMIOS

Entregaranse premios ás 3 primeiras persoas clasificadas (masculinas e femininas) por categoría.


Entregarase unha camiseta a todos os participantes que rematen a proba

Entregaranse medallas a participantes da categoría inclusiva e prebenxamín non competitiva





# PREVISIÓN METEOROLÓGICA



MÍNIMA	MÁXIMA
10°C	28°C

# !! BOA SORTE !!

